



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Anuncio de aprobación definitiva de modificación do regulamento do cemiterio municipal

ANUNCIO

Anuncio aprobación definitiva da modificación do Regulamento do cemiterio municipal de Teo

O Pleno municipal, na sesión ordinaria celebrada o 27 de setembro do 2012, aprobou inicialmente a modificación do Regulamento do cemiterio municipal de Teo.

Sometido o expediente a información pública, durante trinta días, mediante anuncios publicados no BOP (nº 198 do 17/10/2012) e no taboleiro de anuncios do Concello, non se presentou reclamación algunha, polo que, de acordo coas prescricións do artigo 49 da vixente Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e de conformidade co acordo plenario adoptado, enténdese definitivamente aprobada a modificación do devandito Regulamento.

As modificacións aprobadas foron as que seguen:

1.- No artigo 1, párrafo 2º, engádesse a referencia aos columbarios, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“Neste regulamento recóllense as condicións de uso e de concesión de nichos, panteóns e columbarios do Cemiterio Municipal, situado no lugar de Fonte das Seixas (entre Montouto e Penelas), parroquia de Cacheiras, propiedade do Concello de Teo, que ten a natureza de ben de servizo público”.

2.- No artigo 2 modifícase o apartado b), para recoller o número correcto de nichos existentes, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“ b) Os bloques de panteóns número 1 e 2, con 288 nichos cada un, que poderán ampliarse cun terceiro bloque e cun depósito común de cinzas. Os nichos están agrupados en panteóns de tres alturas”.

3.- No artigo 2, engádesse a referencia aos columbarios, nun apartado c), pasando o actual apartado c) a ser o d), sen modificar a súa redacción, quedando os apartados citados redactados conforme se recolle a continuación:

“c) O bloque de columbarios formado por 105 elementos.

d) A zona verde e camiños que comunican as distintas construcións”.

4.- No artigo 4 engádesse a referencia aos columbarios, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“Artigo 4.

O Concello levara un rexistro de todas as unidades de enterramento e das operacións e incidencias que lles afecten, que incluírá, como mínimo, un rexistro de nichos, panteóns e columbarios, un rexistro de inhumacións, un rexistro de exhumacións e traslados, así como un rexistro de entrada e saída de comunicacións e, no seu caso, os demais esixidos pola normativa aplicable”.

5.- No artigo 7 engádesse a referencia aos columbarios, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“Artigo 7.

Os particulares non poderán realizar obras sobre os nichos, panteóns ou columbarios, máis alá da retirada, rotulación e recolocación das lápidas que pechan os nichos e columbarios, a fixación de soportes florais e a colocación dun rótulo identificativo da titularidade do panteón completo, se é o caso, sempre acolléndose ao modelo autorizado e solicitando o correspondente permiso municipal”.

6.- No artigo 8 engádesse a referencia aos columbarios, e corríxese un erro de redacción, ao empregarse a palabra “denominados” cando se quixo recoller “numerados”, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“Artigo 8.

A efectos identificativos, denominarase nicho a unidade de enterramento construída en edificación sobre a rasante do terreo, panteón ao conxunto vertical de tres nichos, ao que se pode optar por concesión conxunta, e columbario á constru-

ción para o depósito de urnas de cinzas resultantes da cremación. Os nichos, panteóns e columbarios serán numerados de forma correlativa, quedando obrigados os titulares a aceptar o número”.

7.- Modifícase a denominación do Título segundo para engadir a referencia aos columbarios, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“TÍTULO SEGUNDO. DA CONCESIÓN DEMANIAL PARA USO PRIVATIVO DE NICHOS, PANTEÓN E COLUMBARIOS”

8.- No artigo 9 engádese a referencia aos columbarios, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“Artigo 9.

A ocupación de cada nicho, panteón ou columbario conceptúase como unha utilización privativa dun ben demanial, que precisa do oportuno título habilitante. Este título, dadas as súas características, terá a consideración dunha concesión administrativa demanial, de acordo co previsto no artigo 93 da Lei 33/2003, de patrimonio das Administracións Públicas, así como no artigo 78 do Regulamento 1372/1986, de bens das Entidades Locais.

En todo caso, os nichos, panteóns e columbarios seguirán sendo de titularidade e propiedade do Concello de Teo”.

9.- No artigo 10, engádese a referencia aos columbarios, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“Artigo 10.

As concesións administrativas demaniais de nichos, panteóns e columbarios terán unha duración de 75 anos que poderán ser renovables, por unha soa vez, polo mesmo período. A renovación da concesión deberá ser solicitada cun mes de antelación á data de finalización da concesión e levará consigo o pago das taxas actualizadas nese momento”.

10.- No artigo 11, engádese a referencia aos columbarios, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“Artigo 11.

Co fin de facilitar nichos, panteóns e columbarios ás persoas que residan e estean empadronadas no Municipio de Teo e de evitar posibles especulacións cos bens municipais, non poderán ser concesionarios dos nichos, panteóns e columbarios as persoas xurídicas e ningún concesionario poderá ser titular de máis de 2 nichos, 1 panteón ou 2 columbarios.”

11.- No artigo 12, engádese a referencia aos columbarios, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“Artigo 12.

Poderán optar á adxudicación de nichos, panteóns e columbarios exclusivamente, as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en ningunha das circunstancias recollidas na lexislación contractual como prohibitivas para contratar co sector público e cumpran as limitacións e requisitos establecidos neste regulamento e demais que, no seu caso, resulten aplicables”.

12.- No artigo 14, engádese a referencia aos columbarios, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“Artigo 14.

O Concello recoñecerá a prol de particulares o dereito de usar un nicho, panteón ou columbario previamente construído polo concello para a inhumación do titular no seu día, a dos seus familiares e a das persoas que designe”.

13.- No artigo 15, engádese a referencia aos columbarios, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“Artigo 15.

Será condición necesaria para optar á concesión dun nicho, panteón ou columbario que o/a solicitante da mesma estea empadronado/a no Concello de Teo. No caso de darse de baixa do padrón de habitantes por un período superior a dez anos, o titular da concesión deberá tramitar a transmisión da concesión a favor do cónxuxe, parella de feito ou familiar ata 3º grado, que cumpra os requisitos esixidos no presente para ser titular da concesión, producíndose noutro caso a extinción da concesión, que revertirá no concello, sen dereito a indemnización algunha. Os restos existentes no nicho, panteón ou columbario, serán trasladados ao depósito común de cinzas”.

14.- No artigo 20, engádese a referencia aos columbarios, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“Artigo 20.

Cando por esgotamento da capacidade do cemiterio, o número de unidades de enterramento fose escaso, limitarase o outorgamento de concesións a nichos e columbarios ata que non se amplíe o recinto”.

15.- No artigo 23, engádese a referencia aos columbarios, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“Artigo 23.

A transmisión dos nichos, panteóns ou columbarios unicamente poderá ter lugar mortis causa a favor do/s herdeiro/s ou legatario/s do concesionario ou mediante permuta. Asimilarase á morte, de acordo co establecido na lexislación civil, a declaración de falecemento ou de ausencia do titular. En caso de terse transmitido en testamento con carácter pro indiviso a dúas ou máis persoas, éstas deberán comunicar ao Concello a quen lle corresponde a titularidade da concesión”.

16.- No artigo 24, engádese a referencia aos columbarios, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“Artigo 24.

A transmisión do dereito funerario, cando proceda segundo este Regulamento, así como a permuta de nichos, panteóns e columbarios, deberá ser posta en coñecemento do concello, estando obrigado os/as herdeiros/as testamentarios ou aqueles aos que corresponda o dereito, a traspasalos ao seu favor, mediante a comparecencia no Concello co título antigo e a documentación xustificativa da transmisión ou permuta, debéndose igualmente satisfacer as taxas correspondentes”.

17.- No artigo 25, engádese a referencia aos columbarios, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“Artigo 25.

Tratándose de nichos, panteóns ou columbarios que non conteñan cadáveres nin restos, o titular da concesión poderá/n renunciar á mesma, xerándose un dereito de devolución que se calculará dividindo o pago realizado no momento da concesión por 150 e multiplicando o resultado polo número de anos que resten ata o remate da concesión”.

18.- No artigo 29, engádese a referencia aos columbarios, quedando redactado conforme se recolle a continuación:

“Artigo 29.

Os concesionarios terán os seguintes dereitos:

- A conservación de cadáveres, restos cadavéricos e cinzas nos nichos, panteóns ou columbarios, de acordo co disposto na normativa municipal, na lexislación sobre policía sanitaria mortuoria e demais normativa aplicable.
- A ordenación en exclusiva das inhumacións, exhumacións, redución de restos e outras prestacións que deban efectuarse no nicho ou panteón adxudicado.
- A esixir a prestación dos servizos de inhumación, exhumación, traslado e demais postos a súa disposición polo Concello coa dilixencia, profesionalidade e respecto esixidos.
- A esixir a adecuada conservación, limpeza xeral do recinto e coidado de zonas xerais axardinadas.
- A formular ante o Concello cantas reclamacións estime oportuna.

De conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, procédese á publicación íntegra do Regulamento modificado do cemiterio municipal de Teo, que entrará en vigor tras a súa publicación e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril.

REGULAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE TEO**TITULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓN XERAIS****Artigo 1.**

O presente regulamento ten por obxecto regular as condicións e exercicio das competencias recollidas nos arts. 25.2 j) e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co cemeterio municipal, de acordo co previsto no Regulamento de policía sanitaria mortuoria de Galicia (Decreto 134/1998, do 23 de abril) e demais normativa aplicable.

Neste regulamento recóllense as condicións de uso e de concesión de nichos, panteóns e columbarios do Cemeterio Municipal, situado no lugar de Fonte das Seixas (entre Montouto e Penelas), parroquia de Cacheiras, propiedade do Concello de Teo, que ten a natureza de ben de servizo público.

Ademais do contido no presente regulamento, serán de aplicación ao réxime de uso do cemeterio municipal as disposicións do Regulamento de policía sanitaria mortuoria de Galicia, así como todas aquelas normas tanto estatais como autonómicas que rexan a materia de cemiterios e servizos funerarios.

Os aspectos económicos da xestión do servizo así como os relativos á concesión de nichos e panteóns regularanse pola ordenanza fiscal aprobada ao efecto.

TÍTULO PRIMEIRO. DAS INSTALACIÓNS E USO

Artigo 2.

Son instalacións do cemiterio municipal:

- a) Edificio que conta cunha sala de reunión ou oración, sala de tanatoestética, sala de tanatopraxia, osario, almacén e aseos, e que dispón dun aparcamento en superficie.
- b) Os bloques de panteóns número 1 e 2, con 288 nichos cada un, que poderán ampliarse cun terceiro bloque e cun depósito común de cinzas. Os nichos están agrupados en panteóns de tres alturas.
- c) O bloque de columbarios formado por 105 elementos.
- d) A zona verde e camiños que comunican as distintas construcións.

Artigo 3.

O Concello velará polo mantemento da orde e o respecto adecuado á función do cemiterio, mediante o cumprimento das seguintes normas:

- a) Fíxase como horario de apertura ao público, en inverno de 10 a 18 horas, e no verán, de 9 a 20 horas, horario que poderá ser modificado por Resolución da alcaldía, a fin de conseguir unha mellor prestación dos servizos en concordancia coas esixencias técnicas, índice de mortalidade ou calquera outra circunstancia que racionalmente aconsellen a súa modificación.
- b) Os visitantes deberán comportarse de forma respetuosa, podendo adoptarse, no caso contrario, as medidas oportunas para desaloxar do recinto a aqueles que incumprisen este precepto.
- c) Prohíbese a venda ambulante e a realización de calquera tipo de propaganda no interior do recinto.
- d) A filmación de vistas xerais ou parciais do cemiterio esixira a autorización previa do Concello.
- e) O Concello realizará, dentro das súas posibilidades, unha vixianza xeral do recinto do cemiterio, se ben non se responsabiliza dos roubos ou do deterioro que poidan ter lugar nas unidades de enterramento.

Artigo 4.

O Concello levará un rexistro de todas as unidades de enterramento e das operacións e incidencias que lles afecten, que incluírá, como mínimo, un rexistro de nichos, panteóns e columbarios, un rexistro de inhumacións, un rexistro de exhumacións e traslados, así como un rexistro de entrada e saída de comunicacións e, no seu caso, os demais esixidos pola normativa aplicable.

Artigo 5.

As inhumacións que se realicen no cemiterio municipal efectuaranse sen discriminación algunha por razóns de relixión nin por calquera outra.

Artigo 6.

Non se permitira o acceso de vehículos ao recinto, agás os que utilice o persoal que presta servizos funerarios ou que contén con autorización municipal por circunstancias excepcionais que o xustifiquen.

Artigo 7.

Os particulares non poderán realizar obras sobre os nichos, panteóns ou columbarios, máis alá da retirada, rotulación e recolocación das lápidas que pechan os nichos e columbarios, a fixación de soportes florais e a colocación dun rótulo identificativo da titularidade do panteón completo, se é o caso, sempre acolléndose ao modelo autorizado e solicitando o correspondente permiso municipal.

Artigo 8.

A efectos identificativos, denominarase nicho a unidade de enterramento construída en edificación sobre a rasante do terreo, panteón ao conxunto vertical de tres nichos, ao que se pode optar por concesión conxunta, e columbario á construción para o depósito de urnas de cinzas resultantes da cremación. Os nichos, panteóns e columbarios serán numerados de forma correlativa, quedando obrigados os titulares a aceptar o número.

TÍTULO SEGUNDO. DA CONCESIÓN DEMANIAL PARA USO PRIVATIVO DE NICHOS, PANTEÓNS E COLUMBARIOS

Artigo 9.

A ocupación de cada nicho, panteón ou columbario conceptúase como unha utilización privativa dun ben demanial, que precisa do oportuno título habilitante. Este título, dadas as súas características, terá a consideración dunha concesión

administrativa demanial, de acordo co previsto no artigo 93 da Lei 33/2003, de patrimonio das Administracións Publicas, así como no artigo 78 do Regulamento 1372/1986, de bens das Entidades Locais.

En todo caso, os nichos, panteóns e columbarios seguirán sendo de titularidade e propiedade do Concello de Teo.

Artigo 10.

As concesións administrativas demaniais de nichos, panteóns e columbarios terán unha duración de 75 anos que poderán ser renovables, por unha soa vez, polo mesmo período. A renovación da concesión deberá ser solicitada cun mes de antelación á data de finalización da concesión e levará consigo o pago das taxas actualizadas nese momento.

Artigo 11.

Co fin de facilitar nichos, panteóns e columbarios ás persoas que residan e estean empadronadas no Municipio de Teo e de evitar posibles especulacións cos bens municipais, non poderán ser concesionarios dos nichos, panteóns e columbarios as persoas xurídicas e ningún concesionario poderá ser titular de máis de 2 nichos, 1 panteón ou 2 columbarios.

Artigo 12.

Poderán optar á adxudicación de nichos, panteóns e columbarios exclusivamente, as personas físicas que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en ningunha das circunstancias recollidas na lexislación contractual como prohibitivas para contratar co sector público e cumpran as limitacións e requisitos establecidos neste regulamento e demais que, no seu caso, resulten aplicables.

TÍTULO TERCEIRO. DO DEREITO FUNERARIO

Artigo 13.

O dereito funerario sobre o uso de sepulturas nace polo acto de concesión e o pagamento da taxa establecida na correspondente ordenanza fiscal.

Artigo 14.

O Concello recoñecerá a prol de particulares o dereito de usar un nicho, panteón ou columbario previamente construído polo concello para a inhumación do titular no seu día, a dos seus familiares e a das persoas que designe.

Artigo 15.

Será condición necesaria para optar á concesión dun nicho, panteón ou columbario que o/a solicitante da mesma estea empadronado/a no Concello de Teo. No caso de darse de baixa do padrón de habitantes por un período superior a dez anos, o titular da concesión deberá tramitar a transmisión da concesión a favor do cónxuxe, parella de feito ou familiar ata 3º grado, que cumpra os requisitos esixidos no presente para ser titular da concesión, producíndose noutro caso a extinción da concesión, que revertirá no concello, sen dereito a indemnización algunha. Os restos existentes no nicho, panteón ou columbario, serán trasladados ao depósito común de cinzas.

Artigo 16.

O dereito funerario das unidades de enterramento quedará garantido mediante a inscrición no libro de rexistro do cemiterio e a expedición do título nominativo.

Artigo 17.

O dereito funerario, tal e como o recoñecen os artigos anteriores, limitase ao uso das correspondentes construcións e queda suxeito as disposicións do presente regulamento e as súas modificacións. En consecuencia, o dereito funerario queda excluído de toda transacción mercantil e dispoñibilidade a título oneroso ou lucrativo, sendo nula calquera transmisión efectuada ao marxe do previsto no presente Regulamento.

Artigo 18.

O dereito funerario rexistrarase a nome persoal e individual do propio petionario ou daquela persoa que este indique na solicitude ou a nome dos dous conxuxes ou membros da parella de feito. O rexistro a nome dos conxuxes ou membros da parella de feito so será posible se non tivera lugar, de acordo co previsto no presente regulamento, ningunha transmisión, e require a petición de ambos e previa xustificación da vixencia do matrimonio ou parella de feito mediante, neste último caso, a acreditación da inscrición no rexistro correspondente.

Artigo 19.

En ningún caso poderá rexistrarse o dereito funerario a nome de compañías de seguros, de previsión ou calquera outra similar que, exclusivamente como complemento doutros riscos, garantan aos seus afiliados o dereito a sepultura para o día do seu falecemento. As devanditas compañías unicamente poderán obrigarse a proporcionar ao asegurado o capital necesario para obtela.

Artigo 20.

Cando por esgotamento da capacidade do cemiterio, o numero de unidades de enterramento fose escaso, limitarase o outorgamento de concesións a nichos e columbarios ata que non se amplíe o recinto.

Artigo 21.

Rematado o prazo de concesión e non tramitada a renovación da mesma, requirirase ao titular co fin de que traslade os restos ao depósito común de cinzas que se habilitará no cemiterio. O dereito de uso da sepultura reverterá novamente no Concello.

Artigo 22.

Os titulares da concesión dun nicho ou panteón poderán destinar un nicho a cinceiro que acolla os restos de varios membros da súa familia en recipientes individualizados e selados.

Artigo 23.

A transmisión dos nichos, panteóns ou columbarios unicamente poderá ter lugar mortis causa a favor do/s herdeiro/s ou legatario/s do concesionario ou mediante permuta. Asimilarase á morte, de acordo co establecido na lexislación civil, a declaración de falecemento ou de ausencia do titular. En caso de terse transmitido en testamento con carácter pro indiviso a dúas ou máis persoas, éstas deberán comunicar ao Concello a quen lle corresponde a titularidade da concesión.

Artigo 24.

A transmisión do dereito funerario, cando proceda segundo este Regulamento, así como a permuta de nichos, panteóns e columbarios, deberá ser posta en coñecemento do concello, estando obrigado os/as herdeiros/as testamentarios ou aqueles aos que corresponda o dereito, a traspasalos ao seu favor, mediante a comparecencia no Concello co título antigo e a documentación xustificativa da transmisión ou permuta, debéndose igualmente satisfacer as taxas correspondentes.

Artigo 25.

Tratándose de nichos, panteóns ou columbarios que non conteñan cadáveres nin restos, o titular da concesión poderá/n renunciar á mesma, xerándose un dereito de devolución que se calculará dividindo o pago realizado no momento da concesión por 150 e multiplicando o resultado polo número de anos que resten ata o remate da concesión.

Artigo 26.

A perda dun título dará dereito a expedición dun duplicado a favor do titular. Os erros de nomes, apelidos ou calquera outro dato nos títulos rectificaranse a instancia do titular, logo da xustificación e comprobación correspondente. Cando polo uso ou calquera outro motivo un título sufrise deterioro, poderase cambiar por outro igual ao nome do mesmo titular.

Artigo 27.

Transcorrido o prazo de concesión sen solicitar a súa renovación, o Concello abrirá un expediente administrativo de extinción da concesión, por caducidade, concedéndolle ao titular, un prazo de quince días para solicitar a renovación. Transcorrido este prazo sen terse efectuada, declararase extinguida a concesión, trasladándose os restos ao depósito común de cinzas.

Artigo 28.

No caso de falecemento do titular sen ter outorgado testamento e sen deixar herdeiro lexítimo, o dereito funerario reverterá no concello, unha vez transcorrido o prazo para o que foi outorgado.

Artigo 29.

Os concesionarios terán os seguintes dereitos:

- A conservación de cadáveres, restos cadavéricos e cinzas nos nichos, panteóns ou columbarios, de acordo co disposto na normativa municipal, na lexislación sobre policía sanitaria mortuoria e demais normativa aplicable.
- A ordenación en exclusiva das inhumacións, exhumacións, redución de restos e outras prestacións que deban efectuarse no nicho ou panteón adxudicado.
- A esixir a prestación dos servizos de inhumación, exhumación, traslado e demais postos a súa disposición polo Concello coa dilixencia, profesionalidade e respecto esixidos.
- A esixir a adecuada conservación, limpeza xeral do recinto e coidado de zonas xerais axardinadas.
- A formular ante o Concello cantas reclamacións estime oportunas.

Artigo 30.

Os concesionarios terán as seguintes obrigas:

Ter a disposición das autoridades municipais ou competentes en materia de inspección sanitaria, o título xustificativo do seu dereito que lles será facilitado polo Concello no momento da concesión.

Satisfacer a contía das taxas anuais de vixilancia e conservación do cemiterio que se establecen na Ordenanza fiscal, así como aquelas sinaladas na ordenanza para cambios de titularidade, inhumacións e exhumacións, etc.

Satisfacer calquera gasto ou tributo que sexa legalmente ou regulamentaria esixible de conformidade coa normativa vixente en cada momento.

Manter en bo estado a porción de dominio público utilizado.

Coidar de que as unidades concedidas e os seus espazos lindeiros se atopen en todo momento en bo estado, limpos e libres de obstáculos e residuos, limitando a colocación de elementos ornamentais ao espazo físico asignado.

Facilitar os datos e comprobacións que lles sexan solicitados pola Administración ou Servizos sanitarios.

Dispor das autorizacións necesarias para a inhumación, exhumación ou traslado de cadáveres e demais restos cadavéricos.

Observar, en todo momento, un comportamento adecuado.

Arroxar o lixo e os residuos nos recipientes previstos a tal fin.

Cumprir cantas outras obrigas resulten deste regulamento, da normativa municipal que en cada momento se estableza e demais disposicións legais que sexan de aplicación, especialmente en materia de sanidade mortuoria.

Artigo 31.

As faltas que poidan cometer os concesionarios clasificaranse en leves, graves e moi graves:

a) Considérase falta leve:

- A omisión da necesaria limpeza nas unidades asignadas por parte dos concesionarios.
- Arrojar residuos e lixo nos pasos comúns, dependencias ou unidades de enterramento.
- A inobservancia das instrucións dimanantes do Concello ou da Inspección Sanitaria, cando non sexa falta grave ou moi grave.
- As incorreccións, a violencia verbal e a promoción de escándalos co público e persoal encargado do servizo
- Causar danos as unidades de enterramento, edificacións, xardíns ou instalacións en xeral por valor inferior a 1.500 euros.
- Incumprimento do horario establecido para o acceso o cemiterio.

b) Constitúe falta grave:

- A comisión de tres faltas leves no transcurso dun ano.
- Os altercados ou pendencias que produzan escándalo dentro do recinto do cemiterio ou nas súas inmediacións, con resultado de lesións ou danos.
- As ofensas leves de palabra, ou de obra, ás autoridades municipais, empregados do servizo, ao persoal de Inspección Sanitaria, aos axentes da autoridade e ao público en xeral.
- Causar danos as unidades de enterramento, edificacións, xardíns ou instalacións en xeral por valor de 1.500 euros ou superior, e inferior a 3.000 euros.
- Uso indebido ou sen autorización de bens ou servizos xerais.
- Os incumprimentos que poidan cualificarse como graves da normativa sanitaria mortuoria, segundo na mesma se estableza e sexan responsabilidade dos propios concesionarios.

c) Terá a consideración de falta moi grave:

- A comisión de tres faltas graves no transcurso dun ano.
- Provocar disturbios no funcionamento normal dos servizos.
- Actos de coacción ou suborno ao persoal do cemiterio.
- Incumprimento da resolución recaída como consecuencia dalgunha infracción cometida.
- Ocasionar danos por valor de 3.000 euros ou superior nas instalacións por dolo ou negligencia grave.

- As ofensas graves, de palabra ou de obra, ás autoridades municipais, empregados do servizo, ao persoal de inspección sanitaria, aos axentes da autoridade e ao publico en xeral.
- A modificación da estrutura ou instalacións das unidades de enterramento sen autorización municipal.
- A cesión ou transmisión non autorizada da concesión ou o seu aluguer.
- Os incumprimentos que podan cualificarse como moi graves da normativa sanitaria mortuoria, segundo na mesma se estableza e sexan responsabilidade dos propios concesionarios.

Artigo 32.

As sancións a impoñer pola comisión de faltas tipificadas neste regulamento serán as seguintes:

- Multa, que se impondrá en calquera caso e que pode levar aparellada calquera outra sanción que se aplique.
- Extinción do contrato de concesión, en caso de infracción moi grave.

As sancións correspondentes a cada clase de infracción graduaranse tendo en conta os criterios obxectivos e subxectivos seguintes:

- a) A afectación á saúde e á seguridade das persoas.
- b) A posibilidade de reparación ou restablecemento da realidade.
- c) Beneficio derivado da actividade infractora.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) A reincidencia.
- f) Grado de malicia do causante da infracción.
- g) Grado de participación no feito por título diferente de autoría.

As multas a impoñer teñen tres posibles grados, que se corresponden respectivamente co carácter leve, grave ou moi grave da infracción, cos límites seguintes:

- Infraccións leves, ata 750 €.
- Infraccións graves, dende 750,01 ata 1.500 €.
- Infraccións moi graves, dende 1.500,01 ata 3.000 €.

Artigo 33.

Será competente para impoñer as sancións a alcaldía, previo informe dos servizos municipais, e tramitación de expediente no que se lle de audiencia ao concesionario.

O importe da multa satisfacerase ao Concello por parte do concesionario nos 30 días naturais seguintes ao da súa notificación. O concello poderá utilizar os medios de execución forzosa previstos na Lei 30/1992, de réxime xurídico de administracións públicas e do procedemento administrativo común ou norma vixente aplicable ao caso, podendo facerse efectivo a través do procedemento de prema ou constrinximento.

A imposición das multas terá lugar sen prexuízo dos danos e prexuízos que sexan esixibles por parte do Concello.

TÍTULO CUARTO. DAS INHUMACIÓNS, EXHUMACIÓNS E TRASLADOS**Artigo 34.**

As inhumacións, exhumacións ou traslados de cadáveres ou restos rexeranse polas disposicións de carácter hixiénico-sanitarias vixentes. De acordo co Regulamento da policía sanitaria mortuoria, enténdese por cadáver “o corpo humano durante os cinco primeiros anos seguintes a morte real”, a partir dos cales terá a consideración de “restos”.

Artigo 35.

Ningún cadáver será inhumado antes das 24 horas do seu falecemento, agás nos casos nos que previamente se practicara a autopsia ou se obtivesen órganos para transplantes, casos nos que poderá autorizarse a inhumación antes das 24 horas dende o falecemento.

Artigo 36.

Cando teña lugar a inhumación nunha sepultura que conteña outros cadáveres ou restos, poderá efectuarse no mesmo acto a redución destes. Só por pedimento expreso do titular, esta operación terá lugar antes do acto do enterro, e, neste caso, será presenciada polo titular ou persoa en quen delegue e sempre que as dispoñibilidades do servizo o permitan.

Artigo 37.

O despacho dunha inhumación requirirá a presentación da seguinte documentación:

- a) Título da sepultura.
- b) Autorización do Xuíz do Distrito ou do que fose competente nos casos diferentes da morte natural.

No momento de presentar o título identificarase a persoa a nome da cal se estendera o título.

Se esta tivese falecido, ou non se puidese identificar, autorizarase a inhumación e unha vez efectuada requirirase aos posuidores para que soliciten o traspaso a favor de quen teña dereito.

Seguirase o mesmo trámite cando se trate do enterro do titular.

Artigo 38.

A inhumación despacharase nas oficinas da Casa do Concello, onde se presentará a documentación pertinente para os efectos de inscribirla no libro de rexistro. O concello comunicará a previsión do acto á persoa encargada de realizar as tarefas de enterramento. Esixirase o mesmo trámite para a exhumación ou traslado de restos.

Artigo 39.

O dereito do titular ao uso exclusivo da sepultura na forma prevista no presente regulamento estará garantido en todo momento polo Concello. O consentimento do titular para a inhumación, sexa de familiares ou estraños entenderase deferido validamente polo feito da presentación do título, sempre que non exista denuncia escrita de roubo, retención indebida ou perda presentada no Rexistro con oito días de antelación.

Artigo 40.

Só se poderá autorizar a inhumación sen título cando sexa o propio titular quen o solicita, alegando extravío do título.

Cando se teña que inhumar ao propio titular autorizarase a súa inhumación sen presentación do título a calquera persoa que compareza, sexa ou non familiar.

En todos estes supostos requirirase a presentación previa da solicitude pedindo o duplicado por extravío.

Artigo 41.

Cando interese o traslado dun cadáver ou de restos depositados nunha sepultura cun título de dereito funerario a nome dunha persoa finada, para que poida ser autorizado deberá solicitarse previamente a transmisión a favor do novo titular.

Artigo 42.

Cando o traslado dun cadáver ou de restos depositados nunha sepultura deba efectuarse a outro cemiterio, será preciso que se achegue autorización do organismo de sanidade competente e dos documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos esixidos.

Disposición Final

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da citada lei.

Teo, 26 de novembro de 2012

Martiño Noriega Sánchez

2012/14877